



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 PEÓN ALBANEL E 1 PEÓN DE XARDINERÍA CON CARÁCTER TEMPORAL EN BASE O PLAN ÚNICO 2018 A TRAVÉS DO “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO”.

PRIMEIRA.- OBXECTO.- E obxecto da presente convocatoria é a selección de 1 Peón Albanel e 1 peón de Xardinería para prestar servizos no concello de Riotorto en base o Plan Unico 2018 a través do Programa Fomento do Emprego.

SEGUNDA.- CONTRATO.- Coas persoas seleccionadas formalizarase un contrato laboral de obra ou servizo, dende o 28 de Setembro de 2018 ata o 27 de Setembro de 2019. O traballo será a xornada completa de luns a venres en ambas contratacións.

TERCEIRA.- REQUISITOS.-

- o Estar en de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada,
- o Estar inscrito na Oficina de Emprego de Mondoñedo antes do 20 de Setembro.
- o Estar en posesión do Certificado de Estudos Primarios ou equivalente.
- o Ser español ou nacional dun dos Estados da Unión Europea ou nacional de calquera dos Estados ós que lles sexa aplicable o dereito á libre circulación de traballo.
- o Non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida o normal desempeño do posto de traballo.
- o Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública mediante expediente disciplinario ou sentenza firme.

CUARTA.- SELECCIÓN.- Tramitarase oferta a oficina de emprego de Mondoñedo, e unha vez remitidos os candidatos a este Concello, procederase a realizar a selección que será por concurso-oposición, co seguinte baremo.

Fase de Concurso

- Por pertencer a un dos seguintes colectivos con dificultades de integración laboral (Mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración, persoas vítimas de violencia de xénero e outros que se recollan na normativa sectorial vixente), 1 punto.

Deberán acreditarlo cos respectivos documentos (Dni, tarxeta de discapacidade ou recoñecemento, certificado da oficina de emprego da antigüidade ou sentenza xudicial no caso de vítimas de violencia de xénero)

- Por experiencia profesional acreditada en traballos relacionados cos postos de traballo (Peón Albanel e peón de Xardinería) en calquera Administración Pública ou na Empresa privada, 0,5 puntos por cada 12 meses de contrato ata un máximo de 1,50 puntos. Acreditarase mediante copia de contratos de traballo. A puntuación máxima deste apartado será de 1 puntos.
- Por estar en posesión de cursos relacionados co traballo a desenrolar, 0,25 puntos por cada curso que deberá ter cada un unha duración mínima de 5 horas. A puntuación máxima deste apartado será de 1 puntos.



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Fase de Oposición

- Proba teórica tipo test con 10 preguntas sobre os traballos a realizar. A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos. Cada resposta correcta valerá 0,5 e cada incorrecta descontará 0,25.
- Proba práctica para comprobar o manexo das ferramentas que se van a utilizar. Valoraranse os sistemas de seguridade empregados e a destreza. A Puntuación máxima deste apartado será de 2 punto.

A puntuación final virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e de oposición.

En caso de empate, realizarase outra proba teorica escollida polo Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CALIFICADOR.- O tribunal calificador estará integrado polas seguintes persoas:

-Presidente: D^a. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto.

-Vocal: D. Jose Antonio Uz Cortón, Funcionario do Concello de Riotorto.

-Secretario: D. Manuel Fernández Fernández, Secretario do Concello de Riotorto.

O Tribunal queda autorizado para resolver cantas cuestións e dudas se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orden da selección.

SEXTA. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os candidatos seleccionados deberán presentar antes da súa contratación un certificado médico de aptitude para o traballo que vai desenrolar.

En caso de renunciar o posto de traballo ou non presentar a documentación requirida se nomeará para o posto de traballo o seguinte da lista.

SETIMA. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Riotorto, 20 de Agosto de 2018.

O Alcalde,

Asdo: Clemente Iglesias González

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE